

Resolución do 25 de xaneiro de 2016, pola que se aproba o Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias-2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) é o instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia no fomento e a coordinación do territorio rural galego, para mellorar as condicións de vida e contribuír a frear o seu despoboamento (disposición adicional 6^a da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo, modificada pola Lei 12/2008, do 3 de decembro, pola que se modifica a Lei 7/1996 e a Lei 5/2000, e mais pola Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas).

No marco das súas funcións, desenvolvidas no Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aproba o seu Regulamento, correspónelle a Agader a xestión das medidas e actuacións no marco da programación dos fondos agrarios de desenvolvemento rural.

O artigo 17 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) establece que as axudas previstas no seu apartado 1.c) abrangueran investimentos en infraestruturas destinadas ao desenvolvemento, modernización ou adaptación da agricultura e o sector forestal, a silvicultura, incluído o acceso ás superficies agrícolas e forestais, a consolidación e mellora de terras e a subministración e aforro de enerxía e auga.

Neste contexto, o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 prevé na ficha correspondente á submedida 4.3 o apoio a investimentos en infraestruturas destinadas ao desenvolvemento, modernización ou adaptación da agricultura e a silvicultura. Especificamente, contempla a promoción dos investimentos en infraestruturas relacionadas coa explotación e en particular, **a mellora da rede viaria existente no medio rural para facilitar a accesibilidade ás explotacións agrarias**, incidindo directamente na área focal 2A (mellorar os resultados económicos de todas as explotacións e facilitar a súa reestruturación e modernización, en particular co obxecto de incrementar a súa participación e orientación cara o mercado, así como a diversificación agrícola).

Estas actuacións de mellora na rede viaria dan continuidade ás que se desenvolveron no período de programación dos fondos europeos 2007-2013 no marco das medidas 125 e 321 do PDR de Galicia 2007-2013, dentro do obxectivo global dos planes de mellora das infraestruturas no medio rural.

En ambos casos, no contexto de colaboración que debe rexer a relación entre administracións públicas e conscientes de que o desenvolvemento rural cómpre abordalo desde unha perspectiva integral, consensúaronse coa Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) os criterios para a distribución das asignacións económicas correspondentes a cada concello. Estes mesmos criterios han de rexer a convocatoria das axudas que se tramiten ao abeiro do **Plan marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016**, cofinanciado con Feader ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020, que se xestionarán en réxime de concesión directa, nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo dispón o Plan Galego de Controis Feader das medidas non establecidas no ámbito do sistema integrado para o período 2014-2020 (actualmente pendente de aprobación definitiva), tratándose de actuacións directas da administración ou axudas xestionadas sen mediar orde de convocatoria, precísase da aprobación dun programa ou plan marco do que se deriven as operacións finanziadas, que deberá contar co informe previo da autoridade de xestión do Feader.

Na Lei 12/2015, do 24 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 (*DOG* n.º 222, do 31 de decembro) está consignado crédito na aplicación orzamentaria 2016-13-A1-712A-760.00 para atender as axudas previstas no presente Plan marco.

De acordo co anterior, o director xeral de Agader, no exercicio das competencias delegadas polo Acordo do Consello de Dirección de Agader, do 11 de xullo de 2013 (*DOG* n.º 148, do 5 de agosto),

RESOLVO:**Artigo 1. Obxecto**

1. O obxecto desta resolución é aprobar o Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias-2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020, que se xunta a esta Resolución como Anexo.

Artigo 2. Financiamento

A dotación máxima para financiar esta convocatoria de axudas ascende a 19.998.110,00 € que se finanziarán con cargo á partida orzamentaria 2016-13-A1-712A-760.00 (código de proxecto 2016-00008), dos orzamentos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para o ano 2016.

Este crédito está cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco da submedida 4.3 “Inversiones en infraestructuras destinadas al desarrollo, modernización o adaptación de la agricultura y la silvicultura”, do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, nun 7,5% por fondos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente (MAGRAMA) e nun 17,5% por fondos propios da Xunta de Galicia.

Disposición adicional primeira

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor potestativamente recurso de reposición ante o Consello de Dirección de Agader, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación aos concellos, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da citada notificación aos concellos.

Disposición adicional segunda

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional a través dos seguintes medios:

- a) Na páxina web de Agader <http://agader.xunta.es>
- b) No teléfono 981 547382.

c) Presencialmente, previa cita no teléfono 981 547382.

Santiago de Compostela, 25 de xaneiro de 2016

P.D. (Resolución do 24 de xullo de 2013, *DOG* nº 148, do 5 de agosto)



Antonio Crespo Iglesias
Director xeral da Axencia Galega
de Desenvolvemento Rural

ANEXO

Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias-2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020

I. Xustificación das actuacións ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020

O artigo 17 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) establece que as axudas previstas no seu apartado 1.c) abrangueran investimentos en infraestruturas destinadas ao desenvolvemento, modernización ou adaptación da agricultura e o sector forestal, a silvicultura, incluído o acceso ás superficies agrícolas e forestais, a consolidación, a mellora de terras e a subministración e aforro de enerxía e auga.

Neste contexto, o Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 prevé na ficha correspondente á submedida 4.3 o apoio a investimentos en infraestruturas destinadas ao desenvolvemento, modernización ou adaptación da agricultura e a silvicultura. Especificamente, contempla a promoción dos investimentos en infraestruturas relacionadas coa explotación e en particular, a mellora da rede viaria existente no medio rural para facilitar a accesibilidade ás fincas agrarias y forestais, incidindo directamente na área focal 2A (mellorar os resultados económicos de todas as explotacións e facilitar a súa reestruturación e modernización, en particular co obxecto de incrementar a súa participación e orientación cara o mercado, así como a diversificación agrícola).

Segundo dispón o Plan Galego de Controis Feader das medidas establecidas no ámbito do sistema integrado para o período 2014-2020, actualmente pendente de aprobación definitiva, tratándose de actuacións directas da administración ou axudas xestionadas sen mediar orde de convocatoria, precisase da aprobación dun programa ou plan marco do que se deriven as operacións financiadas, que deberá contar co informe previo da Autoridade de Xestión do Feader.

Polo tanto, o presente Plan Marco constitúe o instrumento específico de planificación e xustificación das actuacións que a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, (en adiante Agader), prevé executar para apoiar as actuacións de mellora da rede viaria existente no medio rural para facilitar a accesibilidade ás explotacións agrarias.

II. Obxectivos e alcance

Dentro do obxectivo xenérico do fomento da competitividade da agricultura, a axuda ao desenvolvemento rural debe contribuír a mellorar a viabilidade das explotacións agrarias, en particular, e dentro da área focal 2A, o desenvolvemento rural ha de contribuír a mellorar os resultados económicos de todas as explotacións agrarias e facilitar a súa reestruturación e modernización. A viabilidade das explotación require, entre outras actuacións, contar cunha adecuada rede viaria de acceso, de xeito que se proporcione a infraestrutura necesaria para o desenvolvemento das actividades agrícola e silvícola.

Neste contexto, o presente Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias - 2016 ten por obxecto promover investimentos destinados á mellora da rede viaria existente no medio rural para facilitar a accesibilidade a fincas agrarias e forestais, cos seguintes criterios e alcance:

- Investimentos en todos os concellos de Galicia.
- Obras nas infraestruturas viarias de titularidade municipal que facilitan o acceso a explotacións agrarias.

III. Análise convxuntural

1. Beneficiarios:

Todos os concellos de Galicia

2. Modalidade de axuda:

Concesión directa mediante resolución, ao abeiro do artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante LSG), e do artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia (en adiante, RLSG), por concorrer razóns de interese público.

3. Compatibilidade:

As subvencións reguladas neste Plan Marco están financiadas con fondos Feader e, polo tanto, serán incompatibles con calquera outra axuda que, para o mesmo proxecto ou finalidade, leve cofinanciamento comunitario, independentemente do fondo de procedencia e a súa tipoloxía (subvención directa, bonificación de xuros, ...).

Coa salvedade anterior, as subvencións concedidas ao abeiro deste Plan Marco serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos destinados á mesma finalidade, tanto de orixe pública como privada, sempre que a intensidade máxima das axudas con fondos

públicos non exceda do custo da actividade subvencionada.

4. Marco normativo:

Normativa autonómica:

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

Normativa estatal:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.

Normativa comunitaria:

- Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, aprobado pola Decisión da Comisión C (2015) 8144, do 18 de novembro de 2015.
- Regulamento (UE) n.º 1303/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao FEDER, FSE, ao Fondo de Cohesión, ao FEADER e ao FEMP, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao FEDER, FSE, ao Fondo de Cohesión e ao FEMP .
- Regulamento (UE) n.º 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1698/2005 do Consello.
- Regulamento (UE) n.º 1306/2013 de 17 de decembro de 2013, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre o financiamento, xestión e seguemento da Política Agrícola Común.
- Regulamento delegado (UE) nº 807/2014 da Comisión, do 11 de marzo de 2014, que completa ao Regulamento (UE) nº 1305/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo a axuda ao desenvolvemento rural a través dos Fondos Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), e introduce disposicións transitorias.
- Regulamento de execución (UE) nº 808/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1305/2013
- Regulamento (UE) nº 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) nº 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade.
- Decisión da Comisión, do 19.12.2013, relativa ao establecemento e á aprobación das directrices para a determinación das correccións financeiras que haxa de aplicar a

Comisión aos gastos financiados pola Unión no marco da xestión compartida, no caso de incumprimento das normas en materia de contratación pública

5. Vixencia:

O presente Plan Marco estende a súa vixencia durante todo o exercicio orzamentario 2016.

6. Responsables e axentes:

Agader é o órgano responsable da xestión e instrumentación das actuacións inherentes a este Plan Marco. Dentro da estrutura orgánica deste ente público, a unidade xestora responsable da implementación das actuacións será a Subdirección de Planificación e Dinamización do Medio Rural, sen prexuízo da necesaria coordinación coa Consellería do Medio Rural, que habilitará o persoal técnico necesario para prestar o asesoramento, colaboración e asistencia técnica necesaria a Agader en todo o relacionado coas especificidades técnicas propias das actuacións a desenvolver ao abeiro deste Plan Marco.

IV. Estratexia operativa

1. Tipoloxía de actuacións: Son subvencionables ao abeiro deste Plan Marco as actuacións de ampliación, mellora ou mantemento dos camiños municipais de acceso a explotacións agrarias nos seguintes termos:

- Ampliación: as que supoñan un incremento da largura que incidan na mellora de seguridade vial, permita o cruce de vehículos ou sobreanchos necesarios en zonas de curvas, de baixa visibilidade ou entroncamentos. Tamén poderán incluir obras de incremento de lonxitude sempre e cando esta ampliación supoña rematar nunha estrada ou noutro camiño.

- Mellora: as que supoñan un reforzo do firme existente coa incorporación de novas capas máis axeitadas ás características do tráfico rodado que soportan. Terán tamén esta consideración as obras de mellora do drenaxe, da seguridade vial, reforzo de noiros (con muros ou outras estruturas de contención), adecuación de obras de paso de cauces e reforzo de cunetas así como a integración ambiental ou a mellora da sinalización.

- Mantemento: tanto do firme existente (escarificacións e compactacións, arranxo de fochas, tratamentos superficiais etc) como das marxes do mesmo (limpeza e perfilado de noiros e cunetas), reforzos dos terrapléns. Non se subvencionarán actuacións consistentes só en arranxo de fochas.

Aos efectos deste Plan Marco, enténdese por camiños municipais de acceso a explotacións agrarias aqueles de indubidable titularidade municipal que faciliten o acceso a fincas que integran unha explotación agraria, inscrita no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia

(REAGA) ou noutro rexistro público de carácter análogo.

Quedan excluídas as actuacións en rúas e vías interiores dentro dos núcleos de poboación.

2. Elixibilidade dos gastos:

Con carácter xeral, son subvencionables os investimentos necesarios para as obras de mellora, mantemento e ampliación da rede viaria existente. En particular:

- Obra civil vinculada á execución do proxecto
- Servizo de control da calidade da obra

Non serán subvencionables en ningún caso:

- O Imposto do Valor Engadido (IVE).
- Os gastos correspondentes a actuacións que inclúan obras de alumeados, abastecemento e saneamento de augas fecais.
- Os gastos de redacción de proxecto, nin os de estudos necesarios para a súa redacción.
- Os gastos de dirección de obra, de coordinación de seguridade e saúde, seguimento arqueolóxico ou outros servizos complementarios.
- Gastos por taxas ou licencias necesarias.
- Con carácter xeral, os gastos de obra das actuacións que non fosen aprobadas por Agader.
- O panel de obra.

Non se admitirán partidas a tanto alzado.

3. Intensidade de axuda: A axuda cubrirá o 100% dos gastos subvencionables.

V. Requisitos e regras xerais:

1.Todas as actuacións deberán cumplir os requisitos seguintes:

1.1.Que non estean iniciadas na data de presentación da solicitude da axuda. Os solicitantes poderán iniciar a execución do proxecto antes da resolución de concesión da subvención sempre que acrediten que non está iniciado na data de solicitude da axuda, ben cunha acta notarial que reflecta fidedignamente o non inicio da obra, ou ben cunha acta de non inicio levantada por Agader por petición do interesado.

1.2. Que se trate actuacións que incidan en camiños de titularidade municipal que faciliten o acceso, cando menos, a unha parcela integrante dunha explotación agraria.

1.3. Que se desenvolvan no territorio de Galicia exceptuando as zonas incluídas nos perímetros urbanos, definidos como tales no planeamento urbanístico vixente, das cidades de Ferrol, Lugo,

Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo.

1.4. Que sexan finalistas, é dicir, que no momento da certificación final cumpran os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados. En ningún caso se admitirán fases de proxectos.

1.5. Que sexan viables financeiramente.

1.6. Que se axusten á normativa sectorial (comunitaria, estatal e autonómica) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto.

1.7. Que se axusten ás especificacións indicadas no presente Plan Marco.

1.8. Que o promotor do proxecto non teña sido sancionado pola Consellería do Medio Rural pola comisión de infraccións en materia de subvencións no prazo de un ano se a infracción foi cualificada como leve, de dous anos se a infracción foi cualificada como grave ou tres anos se a infracción foi cualificada como moi grave. Os prazos computaranse desde a data de remate de presentación das solicitudes.

1.9. Non se subvencionará ningunha actuación que incida sobre actuacións incluídas nos Plans marco: programa de mellora de camiños de titularidade municipal, cofinanciados con Feader no marco do PDR de Galicia 2007-2013, correspondentes aos períodos 2013-2014 (Resolución do director xeral de Agader, do 13 de setembro de 2013, *DOG* n.º 186, do 30 de setembro) e 2014-2015 (Resolución do director xeral de Agader, do 20 de novembro de 2014).

1.10. Non se aceptará a inclusión de novas actuacións unha vez realizado o informe de control de elixibilidade das actuacións propostas inicialmente.

1.11. Os concellos deberán contratar o servizo de control de calidade das obras executadas, que constituirá un gasto elixible nos termos previstos no apartado IV deste Plan Marco. Este control deberá abracer, cando menos, os seguintes aspectos:

- Control da calidade dos materiais empregados
- Control da calidade dos métodos de execución
- Control da calidade das obras rematadas

2. Aqueles beneficiarios da axuda que a 30 de setembro de 2016 non tiveren renunciado expresamente a ela e non executasen nin xustificasen o proxecto, sen causa debidamente xustificada e comunicada a Agader, quedarán excluídos das seguintes convocatorias que trámite Agader ao abeiro da submedida 4.3 do PDR de Galicia 2014-2020.

3. Os beneficiarios das axudas, de ser o caso, estarán suxeitos ao réxime sancionador previsto no título IV da LSG, desenvolvido no título VI RLSG.

VI. Criterios de selección de operacións

En cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento (UE) n.º 1305/2013, as actuacións propostas deberán cumplir, cando menos, con algún dos seguintes criterios de calidade, co fin de garantir un uso satisfactorio dos recursos financeiros:

- 1) Infraestruturas que faciliten o acceso a dúas ou más parcelas integrantes de explotacións agrarias
 - 1.1.- Acceso a explotacións agropecuarias ... 5 puntos
 - 1.2.- Acceso a explotacións forestais 2 puntos
- 2) Infraestruturas que favorezan o acceso a montes veciñais en man común
 - 2.1.- Monte veciñal con aproveitamento silvo pastoral ... 5 puntos
 - 2.2.- Monte veciñal sen aproveitamento silvo pastoral ... 2 puntos
- 3) Infraestruturas que favorezan o acceso a parcelas incorporadas ao Banco de Terras de Galicia.
 - 3.1.- Acceso a parcelas de vocación agropecuaria ... 5 puntos
 - 3.2.- Acceso a parcelas de vocación forestal2 puntos
 - 3.3.- Acceso a parcelas non arrendadas 1 punto

Entenderase que as actuacións propostas cumplen co mínimo criterio de calidade exixido, cando á vista das puntuacións expostas, acaden, cando menos, 1,5 puntos. A puntuación máxima que pode alcanzar a cada unha das actuacións propostas non excederá, acumulativamente, de 5 puntos.

Corresponde á Subdirección de Planificación e Dinamización do Medio Rural, en calidade de entidade xestora das axudas, valorar as actuacións propostas á vista dos criterios e puntuación expostos.

En todo caso, os criterios de selección citados, serán incluídos no documento "Criterios de selección de operacións" aprobado polo Comité de seguimento do PDR 2014-2020, para todas as operacións incluídas no PDR 2014-2020 para Galicia.

VII. Procedemento de execución

A execución das actuacións amparadas no presente plan marco axustaranse ao seguinte esquema de procedemento:

1. A Dirección Xeral de Agader remitirá a todos os concellos de Galicia a resolución pola que se aproba o **Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias- 2016,**

no que se establecen as cantidades máximas de axuda para cada un dos concellos.

2. O prazo para presentar as solicitudes para acollerse ás axudas previstas no Plan marco: **Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias- 2016** será de un (1) mes, contado desde o día seguinte ao da notificación da resolución de aprobación do citado Plan Marco. Se o último día do prazo for inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

As solicitudes presentaranse no modelo normalizado que se anexa (modelo A), e que poderá descargarse na páxina web de Agader <http://agader.xunta.es>, e acompañaranse da seguinte documentación:

2.1. Un único proxecto, en formato papel e unha copia en CD onde se recolla para cada actuación:

2.1.1 Identificación do seu obxecto e xustificación da necesidade da actuacións propostas.

2.1.2. Planos de localización e de detalle necesarios, indicando:

- O trazado exacto das actuacións, a súa lonxitude e largura e os puntos de inicio e final debidamente xeoreferenciados.
- Identificación sobre plano de fincas integrantes das explotacións agrarias afectadas polas actuacións propostas.

2.1.3. Xustificación dos prezos das unidades de obra.

2.1.4. Medicións e orzamento (excluído IVE)

A suma dos orzamentos (excluído IVE) de todas as actuacións non poderá superar o orzamento máximo asignado para cada concello.

O importe mínimo para cada unha das actuacións (en termos de gasto subvencionable) deberá ser superior a 6.000 €.

As unidades de obra utilizadas nos proxectos terán que axustarse na súa totalidade á estrutura de descomposición das tarifas SEAGA vixentes, que estarán publicadas no enlace http://www.medioruralemar.xunta.es/areas/infraestruturas/tarifas_seaga/ ou na paxina web de Agader <http://agader.xunta.es>. Non se admitirán unidades de obra que non se axusten a estes criterios. Así mesmo, o prezo máximo das unidades de obra non poderá superar o das citadas tarifas.

Os custos do control de calidade non deberán integrarse no orzamento do proxecto.

2.2. Arquivo electrónico, segundo o modelo normalizado que deberá descargarse da páxina web de Agader <http://agader.xunta.es>, identificando as parcelas afectadas polas actuacións propostas.

2.3. Certificación do secretario municipal da designación legal do representante da entidade solicitante.

2.4. Certificación do acordo da entidade polo que se aproba participar no presente Plan Marco.

2.5. Certificación do secretario/interventor do concello mediante o que se acredite suficientemente a titularidade municipal dos camiños e a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a normal execución das obras.

2.6. Informe do técnico municipal competente na materia detallando a natureza e data da última intervención sobre cada unha das actuacións propostas, e a orixe dos fondos financiadores.

2.7. Certificación do secretario/interventor municipal acreditativo de que a entidade solicitante remitiu as contas do último exercicio orzamentario a que legalmente está obrigado ao Consello de Contas (Decreto 193/2011, *DOG* nº 201, do 20 de outubro). Nesta certificación deberá quedar acreditado que a remisión das contas ao Consello de Contas se efectuou antes do vencimento do prazo de presentación da solicitude da axuda, polo que a data de sinatura do certificado implicará que a remisión das respectivas contas ao Consello de Contas se efectuou en todo caso nunha data anterior á data de emisión do certificado.

3. Análise documental da solicitude de axuda e da documentación anexa anteriormente referida. Se a solicitude non reúne os requisitos indicados requirirase ao interesado para que efectúe a correspondente emenda, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (en adiante, LRXAP).

4. Levantamento da Acta de Non Inicio, co obxecto de reflectir que a obra non está iniciada, nos termos requiridos no apartado V.1 do presente Plan Marco e Informe de control de elixibilidade (ICE) das operacións propostas, no que se determinará a elixibilidade do proxecto á vista dos requisimentos que derivan deste Plan marco e, en particular, dos criterios de selección de operacións que se indican no apartado VI do citado plan.

5. Resolución do director xeral de Agader de concesión da axuda, logo da proposta efectuada pola Subdirección de Planificación e Dinamización do Medio Rural, que concretará as actuacións aprobadas, o importe da subvención concedida e as condicións de concesión.

O prazo para ditar resolución será de tres meses a contar desde o día seguinte a aquel en que remate o prazo para presentación de solicitudes. O interesado poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo transcorrido o prazo anterior sen que se tiña notificado a resolución expresa.

6. Contra a resolución de concesión os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición diante do Consello de Dirección de Agader, nos termos previstos nos artigos 116 e seguintes da LRXAP, ou ben interpor directamente un recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

7. Licitación e execución por parte do concello dun único proxecto de obra que inclúa todas as actuacións aprobadas. O procedemento de contratación pública deberá tramitarse de acordo co texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro (en adiante, LCSP).

Os beneficiarios están obrigados a contratar as obras aprobadas segundo os procedementos previstos no artigo 138 do citado texto legal.

Non se admitirá a execución de obras a través de encomendas de xestión.

No caso de contratos tramitados ao abeiro do artigo 138.3 da LCSP, deberán solicitarse tres ofertas a tres provedores distintos, nos termos referidos no apartado X deste Plan marco, e debe quedar xustificado no expediente a selección da oferta elixida.

VIII. Xustificación dos investimentos

1. O prazo límite para a execución dos investimentos vinculados aos proxectos subvencionados e para a xustificación dos gastos será o 30 de setembro de 2016.

2. Os investimentos xustificaranse documentalmente nos seguintes termos:

2.1. Os beneficiarios deberán presentar, debidamente cumplimentada, a solicitude de pagamento que se anexa como modelo normalizado (modelo B), e que poderán descargar da páxina web de Agader <http://agader.xunta.es>

2.2. Xunto coa solicitude de pagamento, deberán presentar a seguinte documentación:

2.2.1. Certificación de fin de obra asinada polo técnico competente director da obra, tanto en formato papel como en CD.

2.2.2. Informe gráfico de seguimento de execución das obras.

2.2.3. Os informes co resultado do control de calidade das obras.

2.2.4. Xustificación documental a través das oportunas facturas e documentos acreditativos do pagamento.

Presentaranse facturas orixinais en papel ou facturas electrónicas rexistradas no Punto Xeral de entrada de facturas electrónicas da Administración Xeral do Estado (FACE) ou plataforma similar. Neste último caso presentarase ademais a certificación do secretario do concello acreditativa do código de rexistro administrativo de presentación da factura no FACE ou plataforma similar.

Os xustificantes de pagamento tramitados a través da banca electrónica deberán vir validados co selo da entidade bancaria correspondente.

